

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032081	de Fene	Fene	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV01	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3044	Amovibles	2021/2022	7	208	249

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARCOS SOUTULLO LAGO, FRANCISCO DANIEL LOSADA NAVEIRA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Mediante o DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, establecece o Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Mantemento de Vehículos.

Referente europeo: CINE-3.5.3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vehículos consiste en realizar operacións básicas de mantemento electromecánico e carrozaría de vehículos, desmontando e montando elementos mecánicos, eléctricos e amovibles do vehículo, e executando operacións básicas de preparación de superficies, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes.

No IES de Fene impártense os ciclos de grao Medio e Básico en electromecánica de vehículos automóbiles, situado en Barallobre, na comarca de Ferrol. Fene é un concello rural e industrial. Na comarca de Ferrol os alumnos teñen como saída laboral maioritariamente os talleres de mantemento de vehículos lixeiros, talleres de reparación de vehículos industriais, talleres de reparación de motocicletas e náutica, parques eólicos e a empresa de servizos de automoción EINSA, tendo tamén a posibilidade de traballar en tendas de recambios do automóbil, na pranta de reciclaxe de automóviles de As Somozas, ou servizos de mantemento de maquinaria forestas ou xardinería e náutico.

Debido a isto centrarémonos a nosa función docente, maioritariamente, no mundo do automóbil lixeiro, motocicleta e servizos forestais/xardinería e náutico.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Axudante/a na área de carrozaría.

Auxiliar de almacén de recambios.

Operario/a en empresas de substitución de cristais.

Axudante/a na área de electromecánica.

Operario/a de taller de mecánica rápida.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Constitución dos vehículos. Materiais e tipos de unións empregadas. Pezas exteriores e accesorios.	Sustituir as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición.	100	40
2	Gornecementos e sistemas de pechamento e de elevación.	Realizar operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica.	109	40
3	Lunas.	Reparar e substituír cristais pegados ou calzados no vehículo, aplicando o proceso adecuado e as instrucións específicas de fábrica.	40	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Constitución dos vehículos. Materiais e tipos de unións empregadas. Pezas exteriores e accesorios.	100

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Substitúe as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os tipos de materiais de carrozaría (aceiro, aluminio plástico, etc.) coa técnica de unión utilizada
CA1.2 Relacionáronse os tipos de unións recoñecendo as súas características en función dos métodos utilizados
CA1.3 Relacionáronse os accesorios susceptibles de ser substituídos co tipo de carrozaría e as súas características estruturais
CA1.4 Realizouse con destreza a substitución de elementos amovibles exteriores da carrozaría coas ferramentas e cos utensilios propios para cada caso, e xustificouse a técnica utilizada
CA1.5 Comprobase que a peza que se vaia substituír garde as mesmas características estruturais e metrolóxicas
CA1.6 Realizouse a substitución de accesorios básicos do automóbil, aplicando os pares de aperto establecidos e segundo as recomendacións de fábrica
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas
CA1.8 Igualouse a peza substituída coas pezas adxacentes mantendo as cotas establecidas por fábrica
CA1.9 Comprobase a calidade do traballo realizado e corríronse as anomalías detectadas
CA4.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.1.e) Contidos

Contidos
Constitución xeral dun vehículo.

Contidos

0Paragolpes: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Teitos solares e capotas.

Accesorios.

Unións desmontables, roscadas, remachadas e pegadas.

Cintas adhesivas e placas insonorizantes.

Unións articuladas.

Outras unións.

Portas: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Capós: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Portón traseiro e tapa do maleteiro.

Aletas dianteiras.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Gornecementos e sistemas de pechamento e de elevación.	109

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionouse o tipo de gornecemento coa posición e os elementos que protexe
CA2.2 Relacionáronse todos os elementos que se fixan sobre o gornecemento co seu funcionamento básico e a súa unión a este
CA2.3 Realizáronse operacións de desmontaxe de gornecementos aplicando os elementos de unión adecuados (roscaxe, grampaxe, pegado, etc.) e seguindo as normas establecidas por fábrica
CA2.4 Relacionáronse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas coa súa función e coas súas prestacións no proceso de desmontaxe de gornecementos
CA2.5 Desmontouse ou substituíuse a lámina impermeabilizante e as placas insonorizantes da porta coa precaución requirida e segundo as normas establecidas por fábrica
CA2.6 Relacionouse o tipo de pechamento (mecánico, eléctrico, pneumático, etc.) coas súas características, cos elementos que o compoñen e coa súa situación no vehículo
CA2.7 Realizouse o proceso de desmontaxe da pechadura segundo os procedementos e as precaucións establecidas por fábrica
CA2.8 Realizouse a desmontaxe do elevador de cristais identificando o tipo de mecanismo de accionamento, as súas características construtivas e as precaucións que haxa que ter en conta á hora de montar o cristal
CA2.9 Executouse a fixación do cristal segundo as especificacións de fábrica e de xeito que se asegure a calidade de funcionamento
CA2.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.2.e) Contidos

Contidos

Contidos

Gornecementos: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Mecanismos de pechamento e elevación.

Pechamentos.

Elevadores de cristais: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Lunas.	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Repara e substitúe cristais pegados ou calzados no vehículo, aplicando o proceso adecuado e as instrucións específicas de fábrica	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse o tipo de cristal montado no vehículo co seu tipo de ancoraxe ou mediante a serigrafía correspondente ao datos de homologación, describindo as súas características principais
CA3.2 Realizouse con destreza o proceso de desmontaxe e montaxe de cristais calzados, segundo os procedementos establecidos e en condicións de seguridade
CA3.3 Realizouse con habilidade o proceso de desmontaxe dos cristais pegados, elixindo os procedementos adecuados e a ferramenta máis conveniente
CA3.4 Realizouse con destreza o despegamento de elementos adheridos ao cristal (espello retrovisor, sensores, etc.)
CA3.5 Relacionáronse os elementos construtivos coas técnicas de desmontaxe empregadas (coitelo térmico, corda de piano, etc.)
CA3.6 Limpáronse adecuadamente e cos medios estipulados as zonas que vaian estar en contacto, e aplicáronse os produtos de imprimación convenientes para obter a calidade prescrita
CA3.7 Seleccionáronse os produtos adecuados segundo os materiais que se vaian unir, tendo en conta as características de cada un e segundo as especificacións prescritas por fábrica
CA3.8 Colocouse o cristal sobre o marco do vehículo, gardando a homoxeneidade cos elementos adxacentes e segundo as cotas especificadas por fábrica
CA3.9 Realizouse a reparación de cristais laminados, identificando o tipo de dano que cumpra reparar, utilizando as resinas adecuadas e seguindo os procedementos prescritos, asegurando unha reparación de calidade
CA3.10 Comprobouse a calidade da reparación e corríronse as anomalías detectadas
CA3.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude e precisión, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.3.e) Contidos

Contidos

Cristais temperados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Cristais laminados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

Reparación de cristais laminados.

Tipos de danos.

Técnicas de reparación.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Para acadala 1ª avaliación positiva o alumnado terá que:

- Coñecer as carrocerías máis empregadas nos automóviles.
- Coñecer os materiais que forman as carrocerías e chasis.
- Coñecer a función e saber identificar os elementos e conxuntos mecánicos, conxuntos de seguridade e confortabilidade polos que están formados os vehículos.
- Saber desmontar e montar os conxuntos mecánicos, conxuntos de seguridade e confortabilidade polos que están formados os vehículos.
- Coñecer os distintos tipos de unións atornilladas empregadas nos vehículos.
- Identificar tornillos atendendo as súas dimensións, tipo de cabeza, características resistivas e sentido da rosca.
- Coñecer a función do apriete dos tornillos, as unidades nas que especifican ditos aprietes, utensilios que se empregan para dar un apriete controlado os tornillos e as consecuencias dun apriete erróneo.
- Coñecer a función e saber identificar as torcas e arandelas empregadas.
- Coñecer as técnicas de reparación e extracción de roscas deterioradas.
- Coñecer e aplicar as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

Para acadala 2ª avaliación positiva o alumnado terá:

- Desmontar e montar a pezas e conxuntos fixados mediante grapas no vehículo.
- Coñecer os distintos tipos de remaches, unións remachadas e as súas características.
- Saber realizar o remachado de pezas.
- Coñecer as características das unións pegadas.
- Coñecer e saber aplicar os distintos tipos de adhesivos, tendo en conta os procesos recomendados polo fabricante e as normas de seguridade e hixiene.
- Saber da utilidade, desmontar e montar unións articuladas e elásticas empregadas vehículo.
- Coñecer a estrutura dos principais elementos amovibles da carrocería: paragolpes, capó, portas, aletas, etc..
- Desmontar e montar os principais elementos amovibles da carrocería.
- Coñecer e aplicar as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

Para acadala 3ª avaliación positiva o alumnado terá que:

- Coñecer, desmontar e montar os conxuntos mecánicos de peche de portas e capó.
- Desmontar, diagnosticar e montar os mecanismos de elevación de cristais.
- Saber identificar as lunas polo marcado da mesma.
- Desmontar e montar os distintos tipos de lunas atendendo as indicacións dadas polo fabricante.

-Coñecer e aplicar as normas de seguridade e hixene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.

-Coñecer e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Farase unha cualificación correspondente a cada trimestre. Valoraranse os contidos (procedimentais, conceptuais e actitudinais) e se lle dará a cada un dos contidos unha nota de 1 a 10.

A cualificación en cada un dos contidos (procedimentais, conceptuais e actitudinais) terá que ser de 5 ou superior para acadar unha avaliación positiva (aprobado).

Cando a nota en todos e cada un dos contidos é de 5 ou superior, a cualificación final para a avaliación será positiva. Neste caso, dita cualificación final resultará da suma aritmética dos contidos dividido entre 3.

Considéranse contidos procedimentais: A calidade do traballo realizado. A organización nas tarefas prácticas. A destreza, o manexo da ferramenta, útiles e aparellos de diagnose empregados na realización das prácticas. A correcta interpretación da documentación técnica. O tempo empregado na realización das prácticas etc.

Considéranse contidos conceptuais: Valoración de probas escritas (exames, cuestionarios, realización de esquemas etc). A calidade de exercicios e traballos a realizar na casa (exercicios de repaso) A correcta interpretación da documentación técnica. Exactitude nas respostas das preguntas formuladas no taller ou na aula, etc.

Considéranse contidos actitudinais: Cumprimento da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais (EPIs) e de protección ambiental nas operacións realizadas. Identifica os riscos e o nivel de perigo nas tarefas prácticas e emprega os medios de seguridade e hixiene. Participación e iniciativa na aula e no taller. Respeto as instrucións dadas polo profesor. Cumprimento das normas establecidas nas instalacións e no taller. Manifesta un especial interese pola tecnoloxía do sector. Efectua as operacións coa orde e limpeza requeridas. Clasifica os residuos xerados para a súa recollida selectiva. Integración no grupo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O proceso de avaliación é continuo na FP básica. De tal xeito que un alumno que aprobe a terceira avaliación aproba o módulo.

Para o alumnado que teña módulos pendentes despois de realizarse a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que serva de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

Os alumnos que suspendan calquera avaliación/s farán actividades de recuperación no período correspondente (no mes de Xuño polo xeral), según se contempla na normativa vixente, e dicir:

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas no que se realizarán actividades de recuperación.

En dito período, farán só actividades de recuperación relacionadas coa/s avaliación/s que teñan suspensa/s.

Os alumnos terán que ter unha asistencia continuada a clase, para a realización das actividades de recuperación previstas.

Os alumnos serán informados das distintas actividades de recuperación e do seu período de realización, ditas actividades estarán relacionadas cos contidos mínimos esixibles.

Durante este período de recuperación farase un seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos, e posteriormente realizarán probas teóricas

e/ou prácticas que acredite dito aprendizaxe, para elo os alumnos deberán demostrar que conqueiron os coñecementos mínimos para acadar a avaliación positiva especificados no módulo e amosando unhas actitudes igualmente satisfactorias.

As probas de recuperación constarán dunha proba teórica e/ou práctica. Se non supera con un 5 a primeira proba teórica non terá dereito a segunda proba práctica, dado que en esa proba teórica se evidencian os coñecementos das medidas de seguridade necesarias para facer a proba práctica.

A nota será a media destas dúas probas sempre e cando teña superada as dúas probas.

Unha vez rematado este período de recuperación si o alumno non recuperou tódalas avaliacións pendentes suspenderá o módulo.

Nos módulos aprobados a calificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

No suposto caso de que os alumnos pasen de curso con módulos pendentes de primeiro, o alumno deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como o período da súa realización, temporización e data en que serán avaliados. Faráselles unha/as proba/as teórica/s e/ou práctica/as antes da avaliación previa a FCT. Ditas probas estarán relacionadas cos contidos mínimos esixibles. Se non acadasen un resultado positivo poderán recuperar os contidos pendentes na 3ª avaliación e non porán facer a FCT mentras non aproben tódolos módulos.

Os alumnos que teñan pendente en xuño a terceira ou a terceira mais algunha outra avaliación terán que recuperar en setembro as pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito a avaliación continua nun módulo regularase pola normativa vixente. Dito dereito non será de aplicación aos alumnos en idade de escolarización obrigatoria.

O proceso de avaliación é un proceso continuo, que implica a asistencia regular do alumnado a clase e ás actividades programadas para os distintos módulos.

Os alumnos que non estén en idade de escolarización obrigatoria o número máximo de faltas para ter dereito a ser avaliado polo procedemento ordinario, non poderá ser superior o 10% da duración do módulo. A superación desta porcentaxe da lugar a perda de avaliación continua por parte do alumno. No caso do módulo de Amovibles o número máximo de faltas será de 21 sesións.

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, farán unha proba de coñecementos teórica ou/e práctica. Dita proba estará baseada nos puntos fixados nos contidos mínimos do módulo. A data de dita proba se lles comunicará os alumnos co tempo que fixe a lei.

No caso de que dita/s proba/s fosen avaliadas positivamente, o alumno superaría o módulo.

Quenes perderan o dereito a avaliación continua e non se presenten a proba final extraordinaria serán calificados con un 1 nas actas de avaliación final dos módulos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farese una reunión mensual mínima dos profesores do departamento para facer o seguimento das programacións de cada módulo na que se reflectirá o grao de cumprimento e a xustificación razonada no caso de desviacións. Dito seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para así detectar os coñecementos previos dos alumnos/as e tamén posibles problemas físicos ou psíquicos que poidan interferir no normal desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe.

As primeiras semana realizarase unha proba deseñada polo profesor do módulo na que se contemplan os coñecementos xerais previos que deberían ter os alumnos. Dito documento terá unha base científico-tecnolóxica propia dos alumnos, outra para averiguar as técnicas e metodoloxía de estudos empregados polos alumnos e unha derradeira de razoamento e aplicación de resolución de cuestións lóxicas.

Dita avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Na sesión de avaliación inicial, o titor/a dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, dos alumnos que tutela.

Se o alumno resulta descoñecido para o profesor que imparte o módulo é necesario obter información do mesmo, empregando os métodos necesarios tales coma:

- a) Informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, se o centro os tivese ou se os alumnos ou alumnas os achegan.
- b) Dos estudos académicos ou as ensinanzas de formación profesional (de carácter regrado, ocupacional ou continuo) previamente realizados.
- c) Do acceso mediante proba para o alumnado sen titulación.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo estará dirixido a aquele/s alumno/s que non poden segui-lo proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Tamén se aplicarán medidas de reforzo os alumnos repetidores que teñan necesidades educativas especiais.

Solicitarase apoio técnico o departamento de orientación do instituto. No caso dos alumnos repetidores, podemos informarnos do historial académico dos alumnos e falaremos co titor ou profesores, en medida do posible, que impartiron docencia a ditos alumnos.

Cando o progreso dun alumno/a non responda globalmente os obxectivos programados e, previamente valorado polo departamento de orientación do centro, o equipo docente adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo. As medidas de reforzo educativo serán elaboradas polo/a profesor/a que imparte o módulo, co coñecemento do titor e este comunicarllo ó equipo directivo e familia do/a alumno/a.

En ningún caso a Adaptación Curricular poderá afectar a desaparición de obxectivos relacionados con competencias profesionais básicas para o logro da competencia xeral característica do título.

O/a profesor/a dun módulo, de forma xeral, aplicará os alumnos que sexa necesario, para dito módulo, as seguintes medidas de reforzo que serán de aplicación en pequeno grupo ou individual preferentemente:

- 1- Realización de actividades alternativas diferentes as do resto do grupo e de menor complexidade para acadar-los obxectivos claves do tema en cuestión.
- 2- Repetición das prácticas máis importantes ou outras similares para acadar-las capacidades pretendidas.
- 3- Exercicios, cuestións, traballos de investigación ou problemas de reforzo.
- 4- Realización de memorias tecnolóxicas sobre as unidades didácticas pendentes.
- 5- Realización de actividades que en todo caso terán unha finalidade de reforzar o aprendizaxe e autonomía do/a alumno/a.

Por outra banda, e de forma concreta para este tipo de alumnado, si despois de facer as medidas de reforzó, antes mencionadas, aínda non se evidencia a competencia perseguida, o profesor fará unha exame teórico e/ou práctico de recuperación de cada avaliación suspensa. Dita proba farase antes da seguinte avaliación, si é avaliada positivamente o alumno/a recupera a avaliación en cuestión.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación mediambiental: inculcar os alumnos a responsabilidade no tratamento dos residuos, combustibles, disolventes, aceites e graxas, así coma na importancia da redución das emisións contaminantes emitidas a atmosfera. Conciencialos que estar expostos as emisións dos motores supoñen graves riscos para a saúde, e a necesidade de empregar sistemas de extracción dos gases nos lugares de reparación.

Educación para a saúde: inculcando os alumnos as normas de seguridade e hixiene no traballo e o emprego das EPIs axeitadas para cada caso.

Educación para a igualdade de xénero: inculcar os alumnos o compañeirismo e o respecto ó individuo, sen distinción do sexo, razas ou relixión, así coma a convivencia dentro dun grupo.

Educación cívica: limpeza, respecto polos compañeiros e profesorado, puntualidade, respecto polos medios técnicos e instalacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A visita prevista, a data de hoxe, destacamos:

- Participar no desafío Hiperbaric en Burgos.

Estará aprobada previamente polo Departamento e Consello Escolar.

10. Outros apartados

10.1) Aspectos metodolóxicos

Farase a exposición de contidos dos temas conforme a secuencia, mediante exposición oral dos contidos teóricos, utilizando os recursos dispoñibles (encerado, proxector, presentacións, animacións, vídeos, programas de aprendizaxe, simulación e diagnose, etc.), e posteriormente realizar actividades e exercicios que afiancen os conceptos expostos e lle sirvan tanto o profesor como ao alumnado para avaliar o grao de aprendizaxe.

Estas actividades disporán das fichas de control ou rexistro de tarefas realizadas no taller, que porán ser de carácter individual, en medida do posible, ou do grupo do traballo; nas que o alumnado anotará, de forma breve, as fases do proceso, os equipos empregados as medidas realizadas e os valores obtidos, para ser posteriormente avaliadas polo profesor.

Intentarase familiarizar o alumnado co uso de documentación técnica noutras linguas europeas e cos programas informáticos que empregan as empresas para diagnose dos sistemas.

É conveniente iniciar con actividades sinxelas, encamiñadas a crear unha base sólida de coñecementos no alumnado, e ir incrementando a complexidade en función dos avances observados. Para iso, é imprescindible realizar un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.

En todo momento velaremos polo cumprimento das medias de seguridade, advertindo os alumnos que é a súa obriga o emprego dos EPI, e que serán mercadas por eles o principio do curso.

FORMACIÓN SEMIPRESENCIAL

1-METODOLOXÍA

Dada a situación, peculiar e complexa, que implica a COVID-19 para un desenvolvemento normal do presente curso, a metodoloxía a empregar no departamento de electromecánica de vehículos no primeiro curso do ciclo básico será a seguinte:

A modalidade de semipresencial implica máis dedicación en horas por parte do equipo docente que imparte en dito curso. As quendas serán marcadas pola situación sanitaria que esté presente, é dicir, veñen a clase e traballan dende a súa casa (semipresencial).

Habilitarase, no menor tempo posible, as ferramentas informáticas para que os alumnos poidan seguir dende a súa casa as clases impartidas polos profesores en cada momento determinado, seguindo o horario do grupo.

O espazo principal de traballo será a aula virtual do IES de Fene. O alumnado estará matriculado en dita aula virtual.

A maiores, para a impartición das clases virtuais empregarase calquera das plataformas de videoconferencias recomendadas pola Consellería de Educación.

Estando na quenda de casa, realizan as tarefas que os profesores lles indiquen na aula virtual.

Tamén están obrigados a conectarse as vídeo clases nos horarios do grupo, cando o profesor está impartindo docencia no Instituto co resto dos alumnos e así se sexa requirido.

As tarefas ou actividades para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

En dita aula virtual, habilitase un espazo (tema 1, tema 2 e sucesivos) das diferentes unidades didácticas das que consta o módulo, onde iranse colocando as actividades ou tarefas que o alumnado deberá realizar segundo os tempos marcados polo profesor. Os prazos de entrega das tarefas terán que cumprirse escrupulosamente por parte dos alumnos.

As actividades ou tarefas consistirán en exercicios de repaso, test, visualización de vídeos técnicos, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo profesor. A cada tarefa se lle poderá asociar posibles materiais ou recursos de consulta que terán a súa disposición (libros de texto, información técnica, visualización de vídeos e explicacións de supostos prácticos e consulta de aspectos teóricos, así como tamén as derivadas das clases virtuais entre outros).

As tarefas organízanse por semanas na aula virtual e sempre disporán dun prazo de tempo para a súa realización suficiente. Se fixará o tempo que teñen para devolver a/as tarefa/as feitas, que se realizarán a bolígrafo, escaneada, fotografada etc. Unha vez rematado o tempo para realización das tarefas, farán a entrega, e deberán enviála o profesor respectivo para a súa avaliación, por e-mail o seu correo corporativo (edu.xunta.es)

As tarefas poden ser de tres tipos:

- Tarefas de estudo, nas que o alumnado terá que estudar, visualizar ou analizar as tarefas propostas na aula virtual e que poden ser explicadas ou aclaradas nas sesións de titoría e nas clases virtuais.
- Tarefas de realización, nas que o alumnado terá que elaborar documentos dispostos na aula virtual. Estes documentos remitiranse, una vez feitos, o correo corporativo do profesor respectivo para a súa corrección.
- Tarefas de control, nas que o alumnado terá que realizar probas de control, test etc, para verificar o seu progreso no estudo da materia.

O alumnado tamén poderá poñerse en contacto co profesor mediante o correo corporativo do profesor e a vídeo conferencia para dúbidas ou aclaracións referentes as tarefas.

Os alumnos terán que participar dun xeito activo e si o profesorado o solicita, entregarán en tempo e forma as tarefas, exercicios de repaso, ou calquera outro tipo de traballo. A non entrega no tempo establecido implica o rexeitamento (non apto) de dito traballo por parte do profesorado, salvo causa debidamente xustificada.

Todas estas tarefas e traballos en xeral, que fan dende a casa, serán valoradas polos correspondentes profesores e non o eximirá do/s exame/s ou probas de avaliación do módulo en cuestión presenciais, se a Consellería de Educación ou de Sanidade autoriza a realización de probas presenciais no Instituto, en caso de non poder facer ditas probas presenciais, faranse probas telemáticas.

Os alumnos que teñen notificada a perda de dereito a avaliación continua non poderán asistir as clases prácticas, debido o risco de accidente que supón o manexo de equipos e maquinaria. O feito de faltar as clases teóricas non o habilita para coñecer os riscos inherentes de ditos equipos e maquinaria.

2- CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación terá en conta as tarefas propostas polo profesor realizadas polo alumnado na súa casa e tamén se terá en conta as feitas no Instituto.

Para as tarefas feitas na casa, como instrumentos de avaliación empregárase, segundo corresponda, a listas de cotexo, proba escrita ou táboas de observación para cada tarefa e determinar se a tarefa é apta ou non apta.

Valoraranse cada unha das tarefas entre 0 e 4 se a tarefa é non apta e entre 5 e 10 puntos se é apta en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoraranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede) Estas tarefas terán un 50 % do valor da cualificación da nota final.

Cando o docente considere oportuna a comprobación da autoría das tarefas entregadas polo alumnado recorrerá mediante as ferramentas dixitais dispoñibles para solicitar o alumnado explicacións ou aclaración de forma oral.

O alumnado que non entregue as tarefas ou o faga fora de prazo (salvo causa debidamente xustificada) ditas tarefas constarán como non apta.

No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exixibles o alumno non supera o módulo.

Para as tarefas ou prácticas feitas no Instituto, como instrumentos de avaliación empregárase, segundo corresponda, a listas de cotexo, proba escrita ou táboas de observación para cada tarefa ou práctica, segundo se establece na programación ordinaria que regula as tarefas e as prácticas, tal como se viña facendo antes da situación COVID-19.

O alumnado tamén realizará proba/as de avaliación escritas referentes as unidades didácticas dun xeito presencial (se as circunstancias sanitarias o permiten, ou telemática, se a situación sanitaria impide sea presencial). Ditas proba presencial, se fose necesario, poderían facerse de forma individual e oral. O peso específico de dita proba de avaliación presencial será de un 50 % do valor da cualificación da nota final.

A avaliación será positiva cando teña unha nota de 5 ou máis nas tarefas feitas na casa e 5 ou máis na proba de avaliación feita presencialmente.

A suma de ámbalas dúas notas será dividida entre dous para ter a cualificación final do módulo.

ALUMNADO CON TRIMESTRES SUSPENSOS

O alumno/a que non acadou unha cualificación de 5 puntos en tódolos trimestres terá que facer as tarefas de recuperación designadas correspondentes a cada trimestre se quere ter a posibilidade de recuperación do módulo.

O alumnado que ten pendente algún trimestre poderá recuperalo entregando as tarefas propostas, ademais, dito alumnado debe participar dun xeito activo, entregando en tempo e forma as tarefas (exercicios de repaso, test, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo profesor), amosando interese e conectándose as clases virtuais.

Valoraranse cada una das tarefas de recuperación entre 0 e 4 puntos se a tarefa é non apta e entre 5 e 10 puntos se é apta en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoraranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede)

Cando o docente considere oportuna a comprobación da autoría das tarefas entregadas polo alumnado recorrerá mediante as ferramentas dixitais dispoñibles para solicitar o alumnado explicacións ou aclaracións de forma oral.

O alumnado que non entregue as tarefas ou o faga fora de prazo (salvo causa debidamente xustificada) ditas tarefas constarán como non apta.

No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exixibles o alumno non supera o módulo.

O alumnado que ten pendente algún trimestre para recuperalo, a maiores de cumprir os criterios referenciados a realización das tarefas, antes mencionados, fará de xeito presencial, se a situación sanitaria o permite, probas de avaliación escritas e/ou prácticas referentes os temas ou materias pendentes de recuperación.

CUALIFICACIÓN FINAL

Para outorgar unha cualificación final ao módulo teranse en conta os seguintes criterios:

Alumnado de primeiro curso de ciclo básico:

- Se ten aprobado (máis de 5 puntos) o terceiro trimestre, supera o módulo en xuño, ea cualificación final será a mesma do terceiro trimestre.

- O alumnado con trimestre/es cualificados por debaixo de 5 puntos farán as tarefas de recuperación deseñadas para tal fin, segundo os criterios do punto anterior (alumnado con trimestres suspensos)
- No caso de cualificar finalmente por debaixo de 5 puntos farase un informe individualizado do alumno/a de final de curso, onde se especificará a parte da materia non superada, aínda terá opción a unha extraordinaria en setembro segundo marca a lei.

3- MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA

Para poder acadar a cualificación positiva no módulo o alumnado terá que ter adquiridos os contidos mínimos exixibles reflexados en cada unidade didáctica.

Para acadala 1ª avaliación positiva o alumnado terá que:

- Coñecer as carrocerías máis empregadas nos automóviles.
- Coñecer os materiais que forman as carrocerías e chasis.
- Coñecer a función e saber identificar os elementos e conxuntos mecánicos, conxuntos de seguridade e confortabilidade polos que están formados os vehículos.
- Saber desmontar e montar os conxuntos mecánicos, conxuntos de seguridade e confortabilidade polos que están formados os vehículos.
- Coñecer os distintos tipos de unións atornilladas empregadas nos vehículos.
- Identificar tornillos atendendo as súas dimensións, tipo de cabeza, características resistivas e sentido da rosca.
- Coñecer a función do apriete dos tornillos, as unidades nas que especifican ditos aprietes, utensilios que se empregan para dar un apriete controlado os tornillos e as consecuencias dun apriete erróneo.
- Coñecer a función e saber identificar as torcas e arandelas empregadas.
- Coñecer as técnicas de reparación e extracción de roscas deterioradas.
- Coñecer e aplicar as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

Para acadala 2ª avaliación positiva o alumnado terá que:

- Desmontar e montar a pezas e conxuntos fixados mediante grapas no vehículo.
- Coñecer os distintos tipos de remaches, unións remachadas e as súas características.
- Saber realizar o remachado de pezas.
- Coñecer as características das unións pegadas.
- Coñecer e saber aplicar os distintos tipos de adhesivos, tendo en conta os procesos recomendados polo fabricante e as normas de seguridade e hixiene.
- Saber da utilidade, desmontar e montar unións articuladas e elásticas empregadas vehículo.
- Coñecer a estrutura dos principais elementos amovibles da carrocería: paragolpes, capó, portas, aletas, etc..
- Desmontar e montar os principais elementos amovibles da carrocería.
- Coñecer e aplicar as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

Para acadala 3ª avaliación positiva o alumno terá que:

- Coñecer, desmontar e montar os conxuntos mecánicos de peche de portas e capó.
- Desmontar, diagnosticar e montar os mecanismos de elevación de cristais.
- Saber identificar as lunas polo marcado da mesma.
- Desmontar e montar os distintos tipos de lunas atendendo as indicacións dadas polo fabricante.

-Coñecer e aplicar as normas de seguridade e hixene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.

-Coñecer e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

4- PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua será avisado, por escrito, nos prazos que marca a normativa, polo profesor do módulo en cuestión.

No mes de xuño será informado das características da proba de avaliación a que ten dereito, as datas e lugar de celebración. Tamén se fará pública a convocatoria na páxina Web do IES de Fene e no taboleiro de anuncios principal de dito instituto.

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua terá que realizar o plan de recuperación seguinte:

*Alumnado conectado:

- Realización e entrega das tarefas propostas ao grupo de referencia na aula virtual. Aplicaranse as mesmas regras referentes os prazos ea a calidade das tarefas anteriormente mencionadas.

- Realización dunha/as proba/as (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou na aula virtual, se a situación sanitaria impide que sexa presencial) sobre os contidos mínimos esixibles (esta proba/as poderá ser anulada a criterio do profesor se o alumnado realizou todas as tarefas propostas na aula virtual e estas teñen a calidade suficiente)

*Alumnado con perda do dereito de avaliación desconectado:

- O alumnado con perda do dereito de avaliación continua e que se atope desconectado do centro (e polo tanto non realizou as tarefas de recuperación) terá que realizar unha/as proba/as (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou unha proba telemática, se a situación sanitaria impide sea presencial) sobre os contidos mínimos esixibles.

5- ALUMNADO EN CUARENTENA

Si o alumnado debe permanecer en cuarentena contémpanse dúas posibilidades:

- Curto período de días en cuarentena: Os profesores indicarán as tarefas da aula virtual que deben facer.

- Longo período de días en cuarentena: Os profesores indicarán as tarefas da aula virtual que deben facer e a maiores se establecerá un horario para facer un seguimento virtual ou de vídeo clases co alumno.

Este procedemento tamén será aplicable os alumnos que están en réxime ordinario de docencia.

6- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Os alumnos matriculados en 2º curso que teñan módulos pendentes de primeiro, deberán ser informados das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

Faráselles unha/as proba/as teórica/s e/ou práctica/as segundo a situación sanitaria o permita que tamén poden ser telemáticas, antes da avaliación previa a FCT. Ditas probas estarán relacionadas cos contidos mínimos esixibles. Se non acadasen un resultado positivo poderán recuperar os contidos pendentes na 3ª avaliación e non porán facer a FCT mentras non aproben todos os módulos.

FORMACIÓN NON PRESENCIAL

1-METODOLOXÍA

A proposta metodolóxica no caso da formación non presencial é a seguinte:

O espazo principal de traballo será a aula virtual do IES de Fene.

A maiores, para a impartición das clases virtuais empregárase calquera das plataformas de videoconferencias recomendadas pola Consellería de Educación.

O alumnado estará matriculado en dita aula virtual do IES e están obrigados a conectarse e realizar as tarefas que os profesores lles indiquen. Do mesmo xeito, tamén están obrigados a conectarse as vídeo clases nos horarios do grupo para cada módulo.

En dita aula virtual, habilítase un espazo (tema 1, tema 2 e sucesivos) das diferentes unidades didácticas das que consta o módulo, onde iran colocados as actividades ou tarefas que o alumnado deberá realizar segundo os tempos marcados polo profesor. Os prazos de entrega das tarefas terán que cumprirse escrupulosamente por parte dos alumnos.

As tarefas ou actividades para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

As tarefas consistirán en exercicios de repaso, test, visualización de vídeos técnicos, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo profesor. A cada tarefa se lle poderá asociar posibles materiais ou recursos de consulta que terán a súa disposición (libros de texto, información técnica, visualización de vídeos e explicacións de supostos prácticos e consulta de aspectos teóricos, así como tamén as derivadas das clases virtuais entre outros).

As tarefas organízanse por semanas na aula virtual e sempre disporán dun prazo de tempo para a súa realización suficiente. Se fixará o tempo que teñen para devolver a/as tarefa/as feitas, que se realizarán a bolígrafo, escaneada, fotografada etc. Unha vez rematado o tempo para realización das tarefas, farán a entrega, e deberán enviála o profesor respectivo por e-mail o seu correo corporativo (edu.xunta.es)

O alumnado tamén poderá poñerse en contacto co profesor mediante dito correo corporativo para dúbidas ou aclaracións referentes as tarefas.

As tarefas poden ser de tres tipos:

-Tarefas de estudo, nas que o alumnado terá que estudar, visualizar ou analizar as tarefas propostas na aula virtual e que poden ser explicadas ou aclaradas nas sesións de titoría e nas clases virtuais.

- Tarefas de realización, nas que o alumnado terá que elaborar documentos dispostos na aula virtual. Estes documentos remitiranse, una vez feitos, o correo corporativo do profesor respectivo para a súa corrección.

- Tarefas de control, nas que o alumnado terá que realizar probas de control, test etc., para verificar o seu progreso no estudo da materia.

Haberá comunicación constante co alumnado para a resolución de dúbidas ou para a ampliación de contidos, para esta comunicación empregárase o correo electrónico corporativo do profesor e a vídeo conferencia.

No referente a carga lectiva para a docencia non presencial, no caso dun confinamento, cumprírase un horario de clases virtuais que será dun 60 % do horario do grupo antes do confinamento, que se establecerá no momento que se decreta dito confinamento. O resto do horario, 40 %, o alumnado dedicárase a realizar as tarefas dos diferentes módulos que figuran na aula virtual do IES. Inténtase con isto ter una rutina de ensinanza ¿similar¿ a que se pode ter na ensinanza presencial.

Por outra banda, respectaranse os tempos de descanso dos estudantes.

A modalidade de ensino virtual garantirá tamén o control de asistencia dos alumnos, a través da supervisión de asistencia por parte do profesorado polas canles habituais.

O alumnado terá que conectarse puntualmente as clases virtuais. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

Os horarios deberán incorporarse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informadas ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a súa difusión.

O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

Na distribución horaria establecerase unha sesión de titoría para o alumnado e outra para as familias.

2- CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación terá en conta as tarefas propostas polo profesor realizadas polo alumnado na súa casa. Se fora o caso, tamén se terá en conta a avaliación realizada ata o momento do confinamento.

Como instrumentos de avaliación empregárase, segundo corresponda, a listas de cotexo, proba escrita ou táboas de observación para cada tarefa para determinar se a tarefa é apto ou non apto.

Valoraranse cada una das tarefas entre 0 e 4 puntos se a tarefa é non apto e entre 5 e 10 puntos se é apto en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoraranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede etc.) Estas tarefas terán un 50 % do valor da cualificación da nota final.

Cando o docente considere oportuna a comprobación da autoría das tarefas entregadas polo alumnado recorrerá mediante as ferramentas dixitais dispoñibles para solicitar o alumnado explicacións ou aclaración de forma oral.

O alumnado que non entregue as tarefas ou o faga fora de prazo (salvo causa debidamente xustificada) ditas tarefas constarán como non apto. No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exixibles o alumno non supera o módulo.

O alumnado a maiores de cumprir os criterios referenciados a realización das tarefas, antes mencionados, realizará proba/as de avaliación escritas referentes as unidades didácticas dun xeito telemático. Ditas probas, se fose necesario, poderían facerse de forma individual e oral. O peso específico de dita proba de avaliación será de un 50 % do valor da cualificación da nota final.

A avaliación será positiva cando teña unha nota de 5 ou máis nas tarefas e 5 ou máis na proba de avaliación. A suma de ámbalas dúas notas será dividida entre dous para ter a cualificación final do módulo.

ALUMNADO CON TRIMESTRES SUSPENSOS

O alumno/a que non acadou unha cualificación de 5 puntos en tódolos trimestres terá que facer as tarefas de recuperación designadas correspondentes a cada trimestre se quere ter a posibilidade de recuperación do módulo.

O alumnado que ten pendente algún trimestre poderá recuperalo entregando as tarefas propostas, ademais, dito alumnado debe participar dun xeito activo, entregando en tempo e forma as tarefas (exercicios de repaso, test, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo profesor), amosando interese e conectándose as clases virtuais.

Valoraranse cada una das tarefas de recuperación entre 0 e 4 puntos se a tarefa é non apta e entre 5 e 10 puntos se é apto en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoraranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede etc.) Estas tarefas terán un 50 % do valor da cualificación da nota final.

O alumnado que non entregue as tarefas ou o faga fora de prazo (salvo causa debidamente xustificada) ditas tarefas constarán como non apto. No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exixibles o alumno non supera o módulo.

O alumnado que ten pendente algún trimestre, para recuperalo, a maiores de cumprir os criterios referenciados a realización das tarefas, antes mencionados, realizará proba/as de avaliación escritas referentes os contidos pendentes de recuperación dun xeito telemático. Ditas probas, se fose necesario, poderían facerse de forma individual e oral. O peso específico de dita proba de avaliación será de un 50 % do valor da cualificación da nota final.

A avaliación será positiva cando teña unha nota de 5 ou máis nas tarefas e 5 ou máis na proba de avaliación. A súa de ámbalas dúas notas será dividida entre dous para ter a cualificación final do módulo.

CUALIFICACIÓN FINAL

Para outorgar unha cualificación final ao módulo teranse en conta os seguintes criterios:

Alumnado de primeiro curso de ciclo básico:

- Se ten aprobado (máis de 5 puntos) o terceiro trimestre, supera o módulo en xuño, ea cualificación final será a mesma do terceiro trimestre.
- O alumnado con trimestre/es cualificados por debaixo de 5 puntos farán as tarefas de recuperación deseñadas para tal fin, segundo os criterios do punto anterior (alumnado con trimestres suspensos)
- No caso de cualificar finalmente por debaixo de 5 puntos farase un informe individualizado do alumno/a de final de curso, onde se especificará a parte da materia non superada e terá unha proba extraordinaria no mes de setembro segundo marca a lei.

3- MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA DE FORMA NON PRESENCIAL.

Para poder acadar a cualificación positiva no módulo o alumnado terá que ter adquiridos os contidos mínimos exixibles reflexados en cada unidade didáctica.

-Coñecer as carrocerías máis empregadas nos automóviles.

-Coñecer os materiais que forman as carrocerías e chasis.

-Coñecer a función e saber identificar os elementos e conxuntos mecánicos, conxuntos de seguridade e confortabilidade polos que están formados os vehículos.

- Coñecer os conxuntos mecánicos, conxuntos de seguridade e confortabilidade polos que están formados os vehículos.
- Coñecer os distintos tipos de unións atornilladas empregadas nos vehículos.
- Identificar tornillos atendendo as súas dimensións, tipo de cabeza, características resistivas e sentido da rosca.
- Coñecer a función do apriete dos tornillos, as unidades nas que especifican ditos aprietes, utensilios que se empregan para dar un apriete controlado os tornillos e as consecuencias dun apriete erróneo.
- Coñecer a función e saber identificar as torcas e arandelas empregadas.
- Coñecer as técnicas de reparación e extracción de roscas deterioradas.
- Coñecer as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

Para acadar a 2ª avaliación positiva o alumno terá:

- Coñecer a desmontaxe e montaxe de pezas e conxuntos fixados mediante grapas no vehículo.
- Coñecer os distintos tipos de remaches, unións remachadas e as súas características.
- Saber realizar o remachado de pezas.
- Coñecer as características das unións pegadas.
- Coñecer os distintos tipos de adhesivos, tendo en conta os procesos recomendados polo fabricante e as normas de seguridade e hixiene.
- Saber da utilidade das unións articuladas e elásticas empregadas no vehículo.
- Coñecer a estrutura dos principais elementos amovibles da carrocería: paragolpes, capó, portas, aletas, etc..
- Identificar os elementos amovibles da carrocería.
- Coñecer as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

Para acadar a 3ª avaliación positiva o alumno terá:

- Coñecer os conxuntos mecánicos de peche de portas e capó.
- Coñecer e diagnosticar os mecanismos de elevación de cristais.
- Saber identificar as lunas polo marcado da mesma.
- Coñecer o desmontaxe e montaxe dos distintos tipos de lunas atendendo as indicacións dadas polo fabricante.
- Coñecer as normas de seguridade e hixiene, de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar nas operacións e procesos a realizar no taller de automoción.
- Coñecer a normativa de prevención de riscos laborais e protección ambiental, así coma a clasificación dos residuos xerados para o seu almacenaxe e posterior retirada selectiva.

4- PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua será avisado, por escrito, nos prazos que marca a normativa, polo profesor do módulo en cuestión ou polo titor.

o perfil de alumnado con Perdida de dereito a avaliación continua en FP Básica debe cumprirse ademais que o alumno sexa maior de idade para poder aplicarse este procedemento.

No mes de xuño será informado das características da proba de avaliación a que ten dereito, as datas e lugar de celebración. Tamén se fará pública a convocatoria na páxina Web do IES de Fene e no taboleiro de anuncios principal de dito instituto.

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua terá que realizar o plan de recuperación seguinte:

*Alumnado conectado:

- Realización e entrega das tarefas propostas ao grupo de referencia na aula virtual. Aplicaranse as mesmas regras referentes os prazos e a calidade das tarefas anteriormente mencionadas.
- Realización dunha/as proba/as (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou na aula virtual, se a situación sanitaria impide que sexa presencial) sobre os contidos mínimos exixibles (esta proba/as poderá ser anulada a criterio do profesor se o alumnado realizou todas as tarefas propostas na aula virtual e estas teñen a calidade suficiente). Ditas probas telemáticas, se fose necesario, poderían facerse de forma oral.

*Alumnado con perda do dereito de avaliación desconectado:

- O alumnado con perda do dereito de avaliación continua e que se atope desconectado do centro (e polo tanto non realizou as tarefas de recuperación) terá que realizar unha/as proba/as (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou unha proba telemática, se a situación sanitaria impide que sexa presencial) sobre os contidos mínimos exixibles. Ditas probas telemáticas, se fose necesario, poderían facerse de forma oral.

5- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Os alumnos matriculados en 2º curso que teñan módulos pendentes de primeiro, deberán ser informados das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

Faráselles unha/as proba/as teórica/s e/ou práctica/as segundo a situación sanitaria o permita que tamén poden ser telemáticas, antes da avaliación previa a FCT. Ditas probas estarán relacionadas cos contidos mínimos esixibles. Se non acadasen un resultado positivo poderán recuperar os contidos pendentes na 3ª avaliación e non porán facer a FCT mentras non aproben todos os módulos.